


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

22 - 23 de xaneiro do 2022

## III DOMINGO DO TEMPO ORDINARIO



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

No evanxeo de hoxe atopamos a Xesús achegándose á súa vila, e como un veciño máis vai compartir a fe en comunidade. El participa, érguese para facer a lectura, e proclama unhas palabras da profecía de Isaías. Palabras das que o mesmo Xesús dirá “hoxe cúmprese diante de vós esta Palabra”.

Nós hoxe estamos facendo o mesmo. Como veciños achegámonos ao fogar da igrexa para escoitar a Palabra de Deus e poñérmola en práctica. Non podemos quedarnos soamente na escoita dos feitos de Xesús ou das súas palabras, senón que temos que facer dela a guía que nos ensine a camiñar coma cristiáns.

Deixemos que os nosos feitos mostren a acción da Palabra de Deus aos que comparten connosco a vida de cada día. Entón poderemos dicir ben alto que hoxe en nós tamén se cumpre a Palabra de Deus.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Deus conta con nós, pero a nosa vida non sempre está á altura do que El quere e espera de nós. É por iso polo que queremos comezar pedindo perdón.*

**Monitor/a:**

➤ Porque moitas veces miramos para outro lado e facémonos xordos cando a túa Palabra nos resulta dura e esixente. Señor, ten misericordia de nós

➤ Porque moitas veces non somos exemplo nin proclamamos contigo a salvación de todos. Cristo, ten misericordia de nós

➤ Porque moitas veces non nos sentimos urxidos a atender aos que hoxe viven necesitados de Boa Nova e de signos de Liberación. Señor, ten misericordia de nós

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, de todos os que sofren e non atopan solucións. A todos nos conceda o perdón dos pecados e nos leve á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Pensemos cales son as nosas mellores obras?*

*(silenzo)*

**Celebrante:**

Deus todopoderoso e eterno,  
dirixe a nosa vida conforme ao teu amor,  
para que, no nome do teu Fillo,  
poidamos dar froito abundante de boas obras.  
Pedímoscho por Cristo, que vive e reina  
por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Dispoñémonos agora a escoitar a Palabra de Deus que hoxe nos di que todos somos necesarios, todas as mans son boas, para, entre todos formarmos o corpo de Cristo. Logo, no evanxeo, vemos a Xesús participar na celebración da Palabra na sinagoga do seu pobo. Con El a Palabra cúmprese, e con nós? Escoitémola para vivila.*

Leccionario I C páx 172 1 Cor 12, 12-14. 27 LECTURA

## LECTURA DA CARTA DE PAULO AOS CORINTIOS

**Irmáns e irmás:**

**Igual que o corpo, sendo un, ten moitos membros e todos estes membros, con seren moitos, non fan máis dun corpo: así tamén Cristo. Porque a todos nos bautizaron**

nun único Espírito, para formarmos un único corpo: tanto xudeus coma gregos, tanto escravos coma libres. E a todos se nos deu a beber un único Espírito.

Pois ben, o corpo non está formado por un único membro senón por moitos.

Ben, pois vós sodes corpo de Cristo e tamén membros, cada un pola súa parte.

### **Palabra do Señor**

♪ 50 *Na tardiña baixa da vida* SALMO

(en pé) *Lec I C páx 173* Lc 1, 1-4; 4, 14-21 *EVANXEO*

## **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS**

Posto que moitos emprenderon a tarefa de narrar axeitadamente os feitos ocorridos entre nós, tal como nolos transmitiron desde o principio as testemuñas oculares e mailos predicadores da palabra, decidín eu tamén, despois de me informar con tino desde as orixes, escribirchos ordenadamente para ti, ilustre Teófilo, a fin de que coñezas ben a firmeza das ensinanzas nas que te instruíron.

Naquel tempo, coa forza do Espírito Santo, Xesús voltou a Galilea, e a súa sona estendeuse por toda a redonda. Ensinaba nas sinagogas, e todo o mundo dicía moito ben del.

Chegou a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para facer a lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

O Espírito do Señor está sobre min  
porque El foi quen me unxiu  
para proclamarlle a Boa Nova aos pobres.  
Mandoume para lles anunciar  
a liberación aos secuestrados  
e a vista aos cegos,  
para lles dar liberdade aos asoballados,  
e proclamar o ano de graza do Señor.

Pechando o libro, devolveullo ao encargado, e sentou. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir:

- Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

### **Palabra do Señor**

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

No Evanxeo de hoxe Xesús remata dicindo “hoxe cúmprese diante de vós esta Escritura”.

Tamén nós hoxe o dicimos, porque é certo que con nós se cumpre este Evanxeo.

Hoxe cúmprese esta Escritura cos nenos e as familias que se esforzan pola catequese. Primeiro ensinando a

rezar e vivindo a fe cos fillos dende a casa, e logo implicándose na catequese parroquial adaptada a todas as idades dende os sete aos quince anos.

Hoxe cúmprese esta Escritura con nós, cos que nos reunimos cada semana para rezar cos veciños e veciñas. Xuntos queremos ser comunidade e ben sabemos que todos somos necesarios e importantes.

Hoxe cúmprese esta Escritura cando non calamos, e non calamos a traxedia dos refuxiados, e non calamos os abusos da igrexa, e non calamos a violencia de xénero, e non calamos o egoísmo dos muíños eólicos, e non calamos porque se calamos non cumprimos.

Hoxe cúmprese esta Escritura en cada esforzo que estamos a facer por coidarnos e ser coidadosos neste tempo de pandemia. Nós cumprimos, aínda sabendo que non medio de nós haxa quen non quixo nin vacunarse. A irresponsabilidade non é nosa.

Hoxe cúmprese esta Escritura en cada esforzo que poñemos para un mellor coidado da natureza. Cumprimos cando reducimos o consumo, cumprimos cando reutilizamos as cousas, e cumprimos cando reciclamos. Cumprimos tamén en xestos como os do colexio preocupándonos das árbores e do monte.

Hoxe cúmprese esta Escritura, e queremos seguila cumprindo cada un dos nosos días. Vale a pena.

(en pé)

## PROFESIÓN DA FE

***Celebrante:*** *Profesar a fe non é repetir ou cantar unhas palabras bonitas. É asentir con toda a vida que acreditamos no que Deus nos manifesta na persoa de Cristo. Dicimos:*

***♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Monitor/a:***

***Credes en Deus, Pai e Nai, que fixo unha Alianza con Israel, que está disposto a renova-la con nós en cada tempo e lugar?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes en Xesús, a Palavra definitiva de Deus Pai, o enviado para anunciar o tempo da graza e da Salvación?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes no Espírito Santo, que nos axuda coma mestre no noso interior para descubrir a vontade de Deus para a nosa vida?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

***Credes na igrexa a comunidade dos homes e mulleres que queremos facer nosa a misión e a vida de Xesús, e que con El nos sabemos chamados a estar á beira de todos os que sofren?***

***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *No camiñar da vida atopamos a Xesús á nosa beira. El aléntanos para sermos e darmos exemplo do evanxeo, por iso rezamos hoxe dicindo:*

**SEÑOR, AXÚDANOS A FACER EVANXEO**

**Monitor/a:**

✓ Con toda a igrexa queremos dar unha man para mellorar a vida dos homes e mulleres que sofren nesta pandemia. Oremos

✓ Con todos os pobos e os refuxiados que sofren violencia, pobreza e asoballamento, para que poidan escoitar a Boa Nova da Salvación. Oremos

✓ Con todos os veciños e veciñas da nosa comunidade de Os Cotos, para que sexamos cumpridores da Palabra, e non nos contentemos con escoitala. Oremos

✓ Con todas as parroquias para que abramos os ollos ao facer de Deus, porque El quérenos á súa beira sendo e dando exemplo de fe. Oremos

✓ Con todas as persoas que o fan ben nas responsabilidades nos gobernos, para que sigan alentando na tolerancia e no respecto. Oremos

**Celebrante:** *Señor, dános o valor de facer nosa a túa misión, dános a coraxe de tomar partido por quen espera a Boa Nova do Evanxeo vivido. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *A oración do Noso Pai ten sentido cando a dicimos dándonos conta que hoxe Deus nos fala e que a súa Palabra se cumpre nas nosas vidas se deixamos que se faga a súa vontade. Rezamos confiados*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *Cristo foi enviado para proclamar o “tempo da graza”, un novo tempo, unha nova oportunidade. A nosa celebración compartida anuncia o mesmo. Que non nos canse dar unha man, porque as nosas tamén son necesarias. Valen a pena. Fagámolo.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Xesús na sinagoga de Nazaret di: “hoxe cúmprese esta Escritura”.*

*Que a nosa participación na mesa de Xesús sexa un compromiso real de facer cumprir a súa Palabra nas nosas vidas. Aquí escoitamos o que nos propón Xesús co seu exemplo, para nós facelo cada día.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a este pan do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

🎵 n° 55 **No colo da miña nai**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor,  
ti alimentáchesnos co pan da Palabra  
e co pan da vida,  
fai que sintamos sempre a alegría  
de participar dos teus dons.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós  
por sempre eternamente. Amén

*A Palabra de Deus é espírito e vida.*

*Cada vez que a escoitamos é preciso saber o que o Señor  
nos quere comunicar nela para poder facela nosa.*

*Soamente así tamén nós poderemos ser espírito e vida  
para os outros, os que precisan de nós.*

*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

XESÚS É A PALABRA DE VIVA DE DEUS



NÓS,  
COMA XESÚS,

HOXE SOMOS A PALABRA VIVA DE DEUS

*Así somos exemplo do que Xesús nos ensina  
no evanxeo de hoxe.*